

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14251 *Real decreto 1150/2011, do 29 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 2858/1981, do 27 de novembro, sobre cualificación de aeroportos civís.*

O Real decreto 2858/1981, do 27 de novembro, sobre cualificación de aeroportos civís, vinculaba o tráfico internacional exclusivamente aos aeroportos de interese xeral. Con todo, esta vinculación entre o tráfico internacional e o concepto de aeroporto de interese xeral quedou obsoleta por dous motivos fundamentais: o incremento do tráfico aéreo internacional e as transformacións experimentadas por este modo de transporte, sumido nun amplo proceso de globalización, e o feito de que as comunidades autónomas comezaron a desenvolver as súas competencias estatutarias en materia de aeroportos non cualificados de interese xeral, construíndo e desenvolvendo aeroportos autonómicos que, pola súa propia natureza comercial e viabilidade económica, deben poder xestionar tráfico aéreo internacional.

Esta situación obriga a reconsiderar o concepto de aeroportos de interese xeral, o cal debe ser reconducido a criterios máis acordes coa realidade das infraestruturas aeroportuarias no mundo contemporáneo globalizado. É necesario, por tanto, permitir que aeroportos non cualificados de interese xeral se poidan desenvolver adecuadamente xestionando tráfico internacional e, en consecuencia, poidan ter fronteira exterior xestionada polo Estado. Para iso, os aeroportos non cualificados de interese xeral interesados en prestar este servizo aos seus usuarios deberán pór gratuitamente á disposición do Estado as instalacións necesarias para a prestación dos servizos non aeroportuarios de competencia estatal e facerse cargo dos gastos de conservación e mantemento das ditas instalacións, de acordo co disposto na lexislación específica.

Co fin de lles permitir aos aeroportos autonómicos recibiren tráfico internacional e de adecuar o concepto de aeroporto de interese xeral a criterios máis axustados á realidade actual, procede actualizar os elementos inicialmente tomados en consideración para ese efecto no Real decreto 2858/1981, do 27 de novembro.

Neste sentido, dáse unha nova redacción ao artigo 1 recollendo criterios máis acordes coa realidade actual e coa globalización do tráfico internacional. A este respecto, merece especial consideración a rede transeuropea de transportes, recollida na Decisión n.º 661/2010/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da rede transeuropea de transporte, que refunde e derroga o contido da Decisión n.º 1692/96/CE, do 23 de xullo de 1996, e as súas sucesivas modificacións. Tamén se deben cualificar de interese xeral os aeroportos cuxa xestión en rede resulte necesaria para garantir o correcto funcionamento dun sistema común de transporte en todo o territorio do Estado. Así mesmo, débese tomar en consideración a incidencia que un determinado aeroporto poida ter sobre o tráfico aéreo ou a estruturación do espazo aéreo, xa que se a dita incidencia é significativa afecta directamente as competencias do Estado sobre o espazo aéreo español. Finalmente, débense cualificar de interese xeral as instalacións aeroportuarias que comparten infraestruturas, instalacións ou servizos adscritos á defensa nacional.

Esta modificación, no entanto, non afecta os actos administrativos ditados con anterioridade, relativos á cualificación de interese xeral dos aeroportos e heliportos, que manteñen a súa vixencia.

Ademais, o real decreto concreta que a prestación dos servizos públicos non aeroportuarios de competencia estatal será realizada, en todo caso, polo Estado, e que se rexerán pola súa normativa específica e estarán suxeitos ás autorizacións que procedan conforme a dita normativa.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e da ministra de Defensa, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 29 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2858/1981, do 27 de novembro, sobre cualificación de aeroportos civís.*

Modifícase o artigo 1, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1. *Aeroportos civís de interese xeral.*

O ministro de Fomento cualificará, logo dos informes e acordos previstos no Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, como aeroportos de interese xeral aqueles aeroportos e heliportos civís en que concorran algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que, pola importancia do seu tráfico, se integren na rede transeuropea de aeroportos como compoñentes internacionais ou comunitarios dela.
- b) Aqueles cuxa xestión conxunta resulte necesaria para garantir o correcto funcionamento da rede común de transporte en todo o territorio do Estado.
- c) Que poidan incidir substancialmente na ordenación do tránsito aéreo, a estrutura do espazo aéreo e o seu control.
- d) Que sexan de interese para a defensa nacional.
- e) Que constitúan a parte civil dos aeródromos de utilización conxunta civil e militar.»

Disposición adicional primeira. *Aeroportos cualificados de interese xeral.*

Todos os aeroportos e heliportos explotados por «Aena Aeroportos, S.A.», con independencia de que os xestione a sociedade mercantil estatal, as súas sociedades filiais ou en réxime de concesión, cuxa relación se inclúe no anexo, conservarán, no momento da entrada en vigor deste real decreto, a súa actual cualificación como aeroportos de interese xeral.

Igualmente conservarán a dita cualificación os aeroportos de titularidade non estatal actualmente cualificados de interese xeral.

Disposición adicional segunda. *Prestación de servizos públicos non aeroportuarios de competencia estatal.*

A prestación dos servizos públicos non aeroportuarios de competencia estatal, en particular relacionados co transporte aéreo internacional, tales como os servizos alfandagueiros, de control de persoas e identificación, de seguridade exterior e interior, de información meteorolóxica e de sanidade exterior, será realizada, en todo caso, polo Estado, rexeranse pola súa normativa específica e estarán suxeitos ás autorizacións que procedan conforme a dita normativa.

Os aeroportos non cualificados de interese xeral facilitarán gratuitamente ao Estado as instalacións necesarias para a prestación dos anteriores servizos relacionados co transporte aéreo internacional, e deberanse facer cargo dos gastos de conservación e mantemento das ditas instalacións, de acordo co disposto na lexislación específica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado no artigo 149.1.20.^a da Constitución.

A disposición adicional segunda dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de réxime alfandagueiro e arancelario e comercio exterior, sanidade exterior e seguridade pública, de conformidade co previsto no artigo 149.1. 10.^a, 16.^a e 29.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

ANEXO

Aeropertos e heliportos xestionados por «Aena Aeropertos, S.A.»

Aeroporto da Coruña.
Heliporto de Algeciras.
Aeroporto de Alacant.
Aeroporto de Almería.
Aeroporto de Asturias.
Aeroporto de Barcelona-El Prat.
Aeroporto de Bilbao.
Aeroporto de Burgos (Villafría).
Heliporto de Ceuta.
Aeroporto de Córdoba.
Aeropertos de El Hierro.
Aeroporto Federico García Lorca Granada-Jaén.
Aeroporto de Fuerteventura.
Aeroporto de Girona.
Aeroporto de Gran Canaria (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Huesca-Pireneos.
Aeroporto de Eivissa.
Aeroporto de Jerez.
Aeroporto de La Gomera.
Aeroporto de La Palma.
Aeroporto de Lanzarote (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Logroño-Agoncillo.
Aeroporto de Madrid-Barajas.
Aeroporto de Madrid-Cuatro Vientos (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Málaga-Costa del Sol (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Melilla.
Aeroporto de Menorca.
Aeroporto de Palma de Mallorca (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Pamplona.
Aeroporto de Reus.
Aeroporto de Sabadell.
Aeroporto de San Sebastián.
Aeroporto de Santander.
Aeroporto de Santiago (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Sevilla.
Aeroporto de Son Bonet.
Aeroporto de Tenerife Norte (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Tenerife Sur.
Aeroporto de Valencia (aeródromo utilización conxunta).
Aeroporto de Vigo.
Aeroporto de Vitoria.
Aeroporto de Zaragoza (aeródromo utilización conxunta).